



**FEGABA**  
FEDERACIÓN GALEGA  
DE BALONCESTO



# I Circuito Baloncesto 3x3 DEPUTACIÓN da CORUÑA

Normativa para clasificación e Regras de Xogo



**Deputación  
DA CORUÑA**



## Normativa para establecer as clasificacións

### PUNTUACIÓNS

Partido gañado: Dous (2) puntos.

Partido perdido: Un (1) punto.

### DESEMPATES

No caso de que dous ou máis equipos acaden o empate nun mesmo grupo ou en grupos diferentes de cara á clasificación xeral de cada Sede, o criterio de desempate será o seguinte:

1º. Número de vitorias.

2º.-Enfrontamento particular dos equipos empatados (tendo en conta só as vitorias e as derrotas entre os equipos empatados)

3º.Media de tantos anotados na totalidade dos partidos disputados (sen considerar o tanteo dos partidos contra equipos non presentados).

Se unha vez chegados a o punto 3º, continúa o empate entre dous ou mais equipos, será a organización da FGB, a que decida cómo será o desempate.

### CRITERIO CLASIFICACIÓN XERAL

Será por puntos acadados, e no caso de equipos co mesmo número de puntos, seguirase o mesmo criterio que no caso do punto anterior (DESEMPATES)



## REGULAMENTO

**Aplicarase o regulamento FIBA 3X3 (excepto na prorroga, para mini e premini):**

Cancha e balón	Unha cancha normal mide 15 m (ancho) x 11 m (longo) O balón oficial 3x3 usarase en tódalas categorías
Modelo do equipo	4 xogadores/as. 3+1 Substituto + 1 Responsable de equipo Nota: O partido debe comezar con tres xogadores/as nas competición oficiais FIBA 3x3
Árbitro/a (s)	1 ou 2
Oficiais de Mesa	Ata 3
Tempos mortos	1 por equipo
Primeira posesión do encontro	Lanzamento de moeda. Nota: O equipo que gaña o lanzamento de moeda decide sobre se toma o balón para comezar ou o deixa para ter a primeira posesión nunha posible prorroga
Anotación	1 punto e 2 puntos (si se anota tras do arco )
Duración do partido e límite de anotación	1x10 minutos, tempo de xogo Límite de anotación: 21 puntos. Aplicable soamente ó tempo de xogo regular. Nota: Se non se dispón dun reloxo de partido, a duración do tempo e a anotación por morte súbita é a elección da organización. Recoméndase fixar o límite de anotación en liña coa duración do partido (10 minutos/10 puntos; 15 minutos/15 puntos; 21 minutos/ 21 puntos)
Prorroga	O primeiro equipo que anota dous (2) puntos, gaña o partido, <b>Excepto para mini e premini que será o primeiro equipo que anote 1 punto.</b>
Reloxo de lanzamento	12 segundos. Nota: se non se dispón dun reloxo de lanzamento, o oficial de mesa responsable do reloxo de lanzamento, avisará e realizará una conta atrás os últimos 5 segundos.
Tiro(s) libre(s) despois dunha falta de tiro	1 tiro libre. 2 tiros libres, se a falta se comete detrás do arco.
Límite de faltas de equipo	6 faltas de equipo.



Penalización para as faltas de equipo 7ª, 8ª e 9ª	2 tiros libres en todos os casos. Non existe o concepto de tiro libre adicional durante unha falta en acción de tiro e canastra convertida.
Penalización para as faltas de equipo 10ª e posterior(es)	2 tiros libres e posesión do balón en todos os casos. Non existe o concepto de tiro libre adicional durante unha falta en acción de tiro e canastra convertida.
Penalización por falta técnica	1 tiro libre, sen cambio de posesión.
Penalización por falta antideportiva	2 tiros libres e posesión do balón, coma na 10ª falta de equipo ou posterior(es). Considerada coma dúas faltas para a conta de faltas de equipo.
Penalización por falta desqualificante	2 tiros libres e posesión do balón. Considerada coma dúas faltas para a conta de faltas de equipo.
Posesión despois dunha canastra convertida	Balón para a defensa. Xusto debaixo do aro. O balón botarase ata ou pasado a un xogador/a, detrás do arco. Non se lle permite ó equipo defensor, xogar o balón dentro do área de semicírculo de non carga, debaixo do aro.
...Despois dun balón morto	Intercambio de balón (checkball) detrás do arco na parte superior.
...Despois dun rebote defensivo ou roubo de balón	O balón botarase ata ou pasado a un xogador/a, detrás do arco
...Despois dunha situación de salto.	Posesión do balón para a defensa.
Substitucións	En situación de balón morto, antes do checkball, dun tiro libre, durante os tiros libres. O substituto pode entrar no encontro despois de que o seu compañoiro saia do terreo de xogo e de establecer un contacto físico con el, detrás da liña de fondo oposta á canastra. As substitucións non requieren ningunha acción dos árbitros ou oficiais de mesa.

\*Considérase que un/unha xogador/a está “detrás do arco” se ningún dos seus pés está dentro ou pisando o arco.

\*\*Aplicaranse as Regras Oficiais de Baloncesto FIBA para todas as situación de xogo non mencionadas específicamente arriba.

\*\*\*Remitirse á versión en texto das Regras Oficiais de Xogo 3x3 para as clasificacións, incomparecencias, inferioridade, protestas e desqualificacións.

Poderase contar coa presenza dun responsable técnico a pé de pista por equipo, o cal só poderá pedir tempos mortos e xestionar os cambios de xogadores/as.



No caso de que o responsable técnico a pé de pista, realice indicacións durante o xogo, será sancionado cunha falta técnica.

## **Réxime disciplinario:**

Os equipos participantes someteranse ao réxime disciplinario deportivo previsto nos Estatutos e Regulamentos da Federación Galega de Baloncesto.

